

EXPEDIENTE: 2024/E001/000005

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE DODRO (II)

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

Logo de ver a proposta remitida polo Tribunal Cualificador ao efecto de formación da bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro de data 17/10/2024 na que figuran as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación.

A selección foi regulada polas Bases aprobadas na Xunta de Goberno Local do 12 de xuño de 2024.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o mércores 10 de xullo de 2024 (BOP núm. 132) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Considerando que o artigo 21.1h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, atribúe a Alcaldía-Presidencia a xefatura superior de todo o persoal ao servizo da administración local, competencia que inclúe o seu nomeamento e contratación, **RESOLVO:**

Primeiro.- Ratificar a proposta efectuada polo Tribunal Cualificador, e aprobar a relación de persoas candidatas que superaron o proceso de selección e a súa orde de prelación aos efectos de formación de bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro.

Número de orde	Apelidos e nome	DNI
1º	Cespón Pérez, María Otilia	***912***
2º	Doce Portas, María del Mar	***554***
3º	Varela Castro, Luis Alberto	***952***

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro .

Terceiro.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFREL.

*Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe.*